

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

HOMENAXE A RAMIRO FONTE

"Antes que ti foses viaxeiro..."

Luciano Rodríguez, Ana Romani, Anxo Angueira, Gonzalo Navaza, Xavier Seoane, Álvarez Cáccamo e García Bodaño participaron no recital.

M.S.P. - 09:30 05/11/2008

O acto de clausura da II Bienal Literaria 'De Pedra e de Palabra' do Pen Clube, completouse cunha homenaxe ao recentemente falecido [Ramiro Fonte](#). Seis poetas, amigos e algúns deles moi próximos xeracionalmente a Fonte, participaron nun recital, presentado por Luciano Rodríguez. A homenaxe consistiu na lectura, a cargo de cada un dos participantes, dun poema do autor eumés, e doutro texto propio.

[Ana Romani](#), [Anxo Angueira](#), [Xavier Seoane](#), [Salvador García-Bodaño](#), [Xosé María Álvarez Cáccamo](#) e [Gonzalo Navaza](#) foron os participantes nun acto emocionante que ademais coincidiu no día en que se coñecera a nova da morte de Anxo Rei Ballesteros. Xabier Seoane leu *Regálame os teus ollos*, Ana Romani *Un desexo cumprido*, Gonzalo Navaza *Adeus norte*, Xabier Seoane *Memorial dos retratos*, e Xosé María Álvarez Cáccamo *Antes que ti foses viaxeiro*.

Ana Romani

Anxo Angueira

Xabier Seoane

Salvador García Bodaño